

Vigo entre dous séculos  
{séculos XIX-XX}

## INTRODUCCIÓN

A finais do século XIX, o desenvolvemento económico xurdido a partir da creación de industrias derivadas do mar vai ser clave na nova configuración da cidade de Vigo. O crecemento do sector pesqueiro plasmarase na aparición de novas técnicas de conserva do peixe, o emprego da máquina de vapor nas embarcacións pesqueiras, as novas artes de pesca, e por fin a chegada do ferrocarril a Vigo.

O desenvolvemento económico vigués estivo así ata mediados do século XX directamente relacionado co mar: da man dunha burguesía dinámica e emprendedora, procedente na súa maior parte do País Vasco e Cataluña, xurde o primeiro sector industrial galego, a industria conserveira, orientada nun primeiro momento cara ao comercio exterior. Arredor desta industria desenvolvéronse unha gran cantidade de industrias auxiliares (cordelaría, xeo, naval, litografía, etc) o que provocou o auxe dos principais estaleiros vigueses. Vigo ía concentrando así a maior parte da industria e do comercio relacionado coa conserva e a pesca, polo que se converteu no principal pulmón industrial de Galicia.

Será neste contexto cando Vigo experimente unha

**construíndo unha cidade**  
Vigo entre dous séculos

importante transformación dende a segunda metade do século XIX, froito do auxe pesqueiro, comercial, industrial, demográfico e cultural, que levará a derrubar as murallas a partir de 1861, como se recolle na GUÍA 2, e a comezar unha dinámica de crecemento ao longo das principais vías de comunicación.



Vigo en 1883  
Fonte: plano  
M.A. Leboreiro  
"Vigo, puerto y  
destino"


## **URZÁIZ, POLICARPO SANZ E COLÓN. Un catálogo de arquitectura**

Derrubados os vellos muros, a cidade comezará a súa expansión en torno a unha serie de eixos lonxitudinais, como son a rúa do Príncipe, rúa da Circunvalación (hoxe Policarpo Sanz), rúa do Ramal (hoxe Colón), rúa do Camiño á Estación (hoxe Urzaiz), onde establecerá a súa residencia esa burguesía industrial do momento.

Para construír esta nova cara da cidade, os promotores escollen edificios dotados dunha suntuosa arquitectura pétreo que reflicte o prestixio acadado nos seus negocios tanto industriais como comerciais. Ao derrubarse a Porta do Sol en 1869 comeza un proxecto ambicioso de conectar a estrada de Castela coa estrada de Baiona a través da Travesía de Vigo (hoxe Elduayen). Este proxecto no que se invertiron máis de vinte anos supuxo o derrubamento de varias edificacións, entre elas a Capela da Misericordia (sec. XVI), e dividiu o centro histórico en dous barrios, o barrio alto e o barrio baixo que condenou á degradación ao primeiro.

O crecemento urbano cara ao eixo Porta do Sol, Colón e Urzáiz, nun primeiro momento, levou consigo a construción de edificios representativos da nosa cidade. A

pesar de que hoxe en día perderon os seus usos e funcións orixinarias estes edificios continúan sendo representativos do período de esplendor da cidade (o Edificio Simeón, a Casa Pardo Labarta ou o Gran Hotel Moderno).



Porta do Sol, 1897.  
Arquivo Municipal de  
Vigo

Paralelamente a isto levouse a cabo no último tercio do XIX a gran obra de recheos gañados ao mar e a construción do peirao de madeira.

Dúas datas clave para a nosa cidade son 1904, na que se produce a anexión do municipio limítrofe de Bouzas e 1941, na que se anexiona o concello de Lavadores. O pri-

meiro deles, de gran tradición ligada ao mar, conserva a súa propia identidade nos nosos días. Lavadores aínda que incluía a franxa marítima da parroquia de Teis sustentábase maiormente na produción agrícola e gandeira.


## **PLANIFICACIÓN DO CRECEMENTO**

O crecemento experimentado pola vila dende finais do XVIII creou a necesidade dun proxecto de planificación da Nova Poboación para substituír unha vella cidade amurallada, insuficiente e inadecuada ás novas demandas de chan. A ampliación da cidade non vai ser anárquica, xa que os organismos oficiais tratan dende datas moi temperás de planificar ese crecemento urbano a través de leis de ensanche, de saneamento e abastecemento de auga, ordenanzas municipais e dunha serie de proxectos de ensanche.

En moi poucos casos estes proxectos chegarán a propor unha remodelación integral que inclúa o centro histórico, entre eles o Plan Palacios de 1932. En dito plan plantéase por vez primeira a idea de zonificar, é dicir, distribuír de xeito lóxico en áreas os diferentes usos: residenciais, administrativas, industriais, etc.

Estas propostas na maior parte dos casos non chegarán a porto debido a acontecementos políticos e principal-

**construíndo unha cidade**  
Vigo entre dous séculos



Plan Palacios 1932.  
Arquivo Municipal  
de Vigo

mente á oposición de certos sectores socio-económicos (comerciantes, industriais) que se opuxeron a esta planificación, debido a que viron perigar os seus intereses.

Os datos cos que contamos na actualidade poñen de manifesto que Vigo foi unha das primeiras cidades españolas en tentar levar á práctica unha concepción planificada do crecemento urbano, adiantándose aos proxectos que dende mediados do XIX se comenzarían a utilizar nas principais cidades europeas e españolas.

O primeiro proxecto de autor descoñecido data de 1807, no que se proxectaba un novo peirao xunto á ampliación de terreos edificables e a prolongación da murallas. Sobre este vai traballar o enxeñeiro militar José Müller

situando a nova poboación ao leste do recinto amurallado, sobre a praia do Areal. O plano de Müller, vai ser continuado polo enxeñeiro Carlos M<sup>a</sup> Abajos, que o modificou en parte.


## **O ENSANCHE DE NOVA POBOACIÓN**

Tras eses primeiros intentos de ampliación da cidade, que se sucederon a principios do XIX, a finais da década de 1830 e retomada a idea de ensanche da cidade, encárgase un novo proxecto ao enxeñeiro Agustín de Marcoartú, quen rexeita o plano de Müller e presenta un plano novidoso, máis adecuado ás novas necesidades. Nel fórmase o crecemento da cidade cara ao leste do recinto amurallado, na zona da praia do Areal, en parte sobre terreos gañados ao mar. Trátase dunha proposta totalizante da nova cidade a construír, non entendéndose unicamente como unha mera ampliación da cidade existente, ademais desenvolve un concepto de urbanismo sustentado na existencia e desenvolvemento do porto.

En 1851 encárgaselle ao enxeñeiro José M<sup>a</sup> Pérez dar plasmación real ao proxecto de Marcoartú, pero dadas as transformacións experimentadas pola cidade co paso dos anos, vese obrigado a levar a cabo unha serie de modificacións sobre o plano inicial de Marcoartú.



**construíndo unha cidade**  
Vigo entre dous séculos



Plano de Nueva Población 1853. Fundación Penzol

A pesar do interese que despertou este proxecto, tan só foi realizada unha pequena parte das obras contempladas no proxecto, correspondente ás tres primeiras fiadas de mazás, que foron obxecto dunha concesión para a realización de obras a Emilio García Olloqui en 1870. A concesión outorgada extendíase ao leste do recinto amurallado sobre a zona do Areal ata a rúa Ramal (hoxe Colón). Pese ás grandes expectativas iniciais, o realmente edificado serían apenas unhas poucas mazás.

**construíndo unha cidade**  
Vigo entre dous séculos

A chegada do ferrocarril e o emprazamento da estación vai determinar o crecemento da cidade a finais do XIX sobre esta zona, ese crecemento esquece xa calquera pretensión de planificación urbana e rexirase unicamente polas ordenanzas municipais de construción.

A continuación faremos un percorrido por aquelas construcións arquitectónicas que reflicten a transformación da cidade dende finais do século XIX áta as primeiras manifestacións da arquitectura deudora das vangardas europeas. Escolleremos os edificios máis significativos das rúas que conforman o corazón de Vigo para explicar os movementos arquitectónicos aos que pertencen.

## **ECLECTICISMO**

Os primeiros edificios que conforman as novas rúas de Vigo pertencen ao eclecticismo, que xurde como movemento arquitectónico a mediados do século XIX. É unha resposta de corte historicista e romántica ás imposicións académicas que censuraban calquera desviación do neoclasicismo anterior. Fronte a este estilo marcado por un respecto ríxido da norma clásica, o eclecticismo deixa en mans do arquitecto unha considerabel liberdade compositiva que inclúe a posibilidade de misturar solucións arquitectónicas e detalles ornamentais de calquera época histórica.

Este movemento é contemporáneo do historicismo co que ten elementos en común pero tamén fondas diferenzas.

En Galicia, igual que ocorre con outras correntes artísticas, o eclecticismo introdúcese tardiamente, chegando á nosa cidade as primeiras obras entre 1860 e 1880, segundo Xaime Garrido e Xosé Ramón Iglesias.

Este estilo historicista ten unha marcada influencia francesa e resulta o que máis éxito tivo na cidade entre a alta burguesía. É debedor da arte clásica, da que recolle motivos decorativos pero tamén da grande arquitectura francesa finisecular de motivos neobarrocos. A profusión na decoración, cada vez máis ostentosa, corre parella ás ansias de exhibir a posición social da burguesía.

Ademais da riqueza da decoración en pedra, son característicos deste momento os balcóns e galerías de fundición de ferro. Fronte a cidades como A Coruña, na que son características as galerías acristaladas corridas nas fachadas, en Vigo non se utiliza esta solución. Só podemos velas en galerías interiores que dan a patios de mazá coma o de Príncipe-Policarpo Sanz.

### **Jenaro de la Fuente Domínguez | 1889**

A casa feita por Jenaro de la Fuente Domínguez para Pedro Román nace como ampliación doutro edificio coa finalidade de servir como local comercial e casino. Os usos para os que vai servir tradúcense na fachada, que presenta grandes ventanais para iluminar o interior.

Escóllese unha decoración diferente para cada planta con motivos recollidos do clasicismo, resultando unha obra de estilo moi sobrio, pouco frecuente nos proxectos deste arquitecto.



**Biblioteca  
Central**

### Michel Pacewicz | 1897

Situado na esquina entre as rúas Policarpo Sanz e Carral, esta obra coroada por unha gran cúpula representa o culmen do eclecticismo en Vigo. Enmárcase na corrente de influencia francesa deste estilo arquitectónico. Este gran edificio aproveita a ornamentación para marcar a diferenza entre as plantas: os vans de remate redondeado, cambian a súa decoración en cada unha das plantas, onde se combinan balcóns tallados en pedra con outros de forxa.

Aínda que naceu como edificio de vivendas en aluguer, transfórmase en hotel en 1906, o que non modifica a súa configuración exterior.

No caso deste edificio temos un exemplo de como a carga decorativa, cercana ao estilo barroco, reflicte a posición económica e social do seu promotor, o empresario Manuel Bárcena, conde de Torrecedeira.



**Hotel  
Moderno**

**construíndo unha cidade**  
Vigo entre dous séculos



**Casa Yáñez**

**Michel Pacewicz | 1900**

Foi construído para os irmáns Yáñez Llorente, empresarios e membros da poderosa burguesía viguesa de principios de século. A casa é un exemplo de eclecticismo neogótico.

O elemento máis destacado da fachada -onde se combinan abundantes motivos de corte gótico- é a galería de madeira que enlaza as fachadas da praza de Compostela e a rúa Velázquez Moreno.

É un referente magnífico na busca de distinción da burguesía local a partir de edificios suntuosos de estilo cosmopolita.



**Banco Pastor**

**Manuel Gómez Román | 1923**

O arquitecto opta aquí por un eclecticismo de motivos clasicistas no que aínda se detectan algúns elementos ornamentais modernistas na contida decoración vexetal. Como no Simeón, as follas, flores e grilandas cínguense a ornamentar os elementos construtivos tradicionais, sen deixar voar máis alá a fantasía.

Un vistoso chafrán da acceso á entrada principal e sobre ela unha gran ventá de remate semicircular. O conxunto remata cunhas esculturas femininas que representan culturas dos diferentes continentes e unha gran cúpula.

## **Antonio Palacios | 1913-1926**

O edificio orixinal do teatro Rosalía de Castro era un proxecto de Rodríguez-Sesmero González construído no 1900 e incendiado en 1910. Grazas á intervención do filántropo García Barbón conserva o seu uso primixenio como teatro, evitando que o solar se destinase a usos comerciais e vivendas.

O edificio, que debía albergar un teatro, un casino e un cine, destaca pola monumentalidade coa que se ergue no centro da rúa Policarpo Sanz, que o converte nunha das construcións máis emblemáticas da cidade. Aínda que ten fachada a catro rúas, a citada é a fronte máis coidada.

O arquitecto axustouse a unha orientación academicista ligada ao eclecticismo francés propio de edificios de usos similares como a Ópera Garnier parisiña. Na fachada principal, columnas pareadas enmarcan grandes ventanais cun óculo na parte superior, e sobre el grilandas, entre outros motivos. Todo un proxecto de decorativismo clasicista ao servizo do principal equipamento de lecer burgués da cidade.

As outras fachadas, que dan a rúas máis estreitas, reducen en gran medida o catálogo ornamental substituíndoo por grandes ventanais.



**Teatro  
García  
Barbón**

## MODERNISMO

Cerca de 1890 aparece en Europa unha nova corrente artística, o modernismo. Na súa vertente arquitectónica é a expresión do status dunha clase social que busca diferenciarse: a burguesía. Para iso recurrirá a espectaculares solucións decorativas, incidindo máis que nada no aspecto esteticista da arquitectura, nunha busca obsesiva da beleza e a orixinalidade.

En Vigo, a existencia dunha cantería local moi experimentada daralle aos edificios modernistas un carácter singular coas súas propias peculiaridades.

Principalmente, tratarase de construcións vencelladas a novas fortunas que pretenden exhibir o seu estatus ante os seus concidadáns. Estilísticamente a influencia máis notoria é a corrente da Sezesión vienesa con profusión de decoración vexetal e referencias cargadas de fantasía e estilización.

Historiadores da arquitectura viguesa como Xaime Garrido e Xosé Ramón Iglesias sosteñen que a estela do modernismo que chegou a Vigo non foi máis que o uso de detalles decorativos deudores deste estilo. A súa tese céntrase en que aquí o modernismo non chega á con-



cepción estrutural dos edificios senón que se cingue a un catálogo de ornamentos que se aplica do mesmo modo que os movementos clasicistas, polo que vén a ser unha ampliación do catálogo ornamental do eclecticismo.



Edificio Simeón

## **Benito e Manuel Gómez Román | 1907-1911**

Este edificio responde ás necesidades de expansión da empresa compostelá "Viúva e fillos de Simeón García", que buscaba un local fixo na cidade de Vigo. Na fachada principal, que da á Porta do Sol, e que estruturalmente pode encadrarse no eclecticismo afrancesado tan en boga a principios do século XX, atópanse os elementos decorativos modernistas que fan deste edificio o mellor representante dos ecos deste estilo en Galicia. Os soportais do fronte daban acceso ao local comercial, mentres que os accesos laterais daban servizo ás vivendas.

Polas características do solar, moi estreito e con moito fondo, a fachada que da a Porta do Sol chama a atención pola súa verticalidade, polo que aparenta máis altura da real. A fachada lateral adquirirá un novo carácter coa construción da nova praza pública na rúa Doutor Cadaval.

Se ben o deseño inicial é do arquitecto Benito Gómez Román, tralo seu falecemento en 1908 será o seu irmán Manuel quen desenvolva e finalice o proxecto.

A actuación de Manuel Gómez Román tradúcese na presenza dunha decoración abertamente modernista nas súas fachadas, aínda que conservando o espírito ecléctico do proxecto inicial. É a fusión destes dous estilos a que dota ao edificio dunha personalidade singular, destacando a presenza de figuras antropomórficas e zoomórficas realizadas en granito, sobre todo nos balcóns tallados en pedra e nas claves dos vans.

O ferro das balconadas e as carpinterías adscribíense tamén aos aspectos estilísticos do Art Nouveau.

## **Edificio Simeón**



## **Manuel Gómez Román | 1910**

Aínda que foi asinado por Manuel Felipe Quintana, sábese que é obra de Manuel Gómez Román. Está situado na esquina das rúas Montero Ríos e Pablo Morillo e foi un encargo do consignatario de orixe holandés Enrique Mülder. Como é característico na obra de Gómez Román, baixo a ornamentación modernísta -neste caso de clara influencia vienesa e belga- atopamos unha forte compoñente eclecticista.

Destaca o dinamismo da fachada principal -rematada nunha espectacular cúpula con recubrimento cerámico en cor bronce- e o arco carpanel que da á rúa Montero Rios.

Xunto á decoración naturalista en granito, débese destacar o uso da cerámica na que ademáis de decoración vexetal aparecen seres mitolóxicos.

Como sucede en todos os exemplos de edificios vigueses nos que aparecen elementos curvilíneos propios do modernismo, éstos mesturanse con naturalidade coa estrutura sobria e contida característica dos edificios eclécticos.



**Edificio  
Mülder**



**Edificio  
Pardo Labarta**

### **Jenaro de la Fuente Domínguez | 1911**

Foi un encargo do comerciante vigués Pardo Labarta. Ten dúas fachadas, unha á Porta do Sol e outra á rúa Cruz Verde, destacando na primeira o ecleticismo de influencia francesa. Cada planta posúe unha ornamentación propia na que destacan os abundantes elementos florais e vexetais.

O aspecto modernista máis destacado é o acceso principal ao edificio, se ben outros elementos como os arcos elípticos contribúen tamén a reforzar a presenza de certos ecos desta corrente estilística.

## **REGIONALISMO**

Durante o primeiro tercio do século XX, desenvolveuse en Vigo un movemento arquitectónico que, igual que no resto do Estado e tras o desastre da Guerra de Cuba de 1898, se enmarcaba na busca da nosa identidade cultural.

Deste xeito, os arquitectos afástanse nos seus edificios de modelos foráneos, buscando na nosa historia e tradición unha nova linguaxe arquitectónica, utilizando elementos do románico, do barroco compostelán ou da

arquitectura pacega, estilos considerados por eles como os que mellor reflectían o noso pasado.

A vivenda residencial foi unha das tipoloxías que mellor recolleu as características deste estilo arquitectónico, como é o caso do barrio-xardín do monte do Castro. Proxectado por Jenaro de la Fuente Domínguez en 1927, foi o segundo intento de crear en Vigo unha cidade xardín tras o proxecto fracasado para construír chalets nunha finca de 72.000 metros cadrados na estrada a Baiona.

O emprazamento elixido, na ladeira nordeste do monte do Castro, atópase nas proximidades da actual rúa Marqués de Alcedo. Inclúe sete tipos de chalet, e aínda que están claramente influenciados polo rexionalismo castelán e do norte de España en motivos como torres, pináculos, solainas e enreixados de ferro, o arquitecto en obras posteriores xa comenza a utilizar elementos propios da arquitectura galega.

## **RACIONALISMO**

A chegada a Vigo dos ecos do Movemento Moderno aparecen da man do movemento racionalista nos anos trinta.

**construíndo unha cidade**  
Vigo entre dous séculos

Co século XX aparece en occidente unha nova xeración de arquitectos que aplican a sinxeleza de liñas e a sobriedade fronte ao recargamento da arquitectura historicista e rexionalista da época. É a arquitectura racionalista, a arquitectura da modernidade, liñal e simétrica, dinámica e carente de ornamento.

En Vigo, este tipo de obras serán proxectadas por moi poucos arquitectos como Francisco Castro Represas - que dende 1932 ata 1944 xa asociado con Pedro Alonso Pérez empregará esta nova linguaxe dun modo moi persoal, converténdose no arquitecto da vangarda viguesa-, Jenaro de La Fuente Álvarez ou Antonio Cominges Molíns.

O racionalismo prescindía dos elementos decorativos tan do gusto da burguesía e optaba pola simplicidade, o uso da liña horizontal e o uso de elementos de evocación naval, como óculos, barandas, ...

Como sempre, en Vigo as construcións racionalistas estarán edificadas principalmente en pedra granítica que se adapta ás formas pensadas para ser fabricadas en formigón ou aceiro.

### Romualdo Madariaga Céspedes | 1934

Este singular edificio exento foi concebido para acoller un banco na planta baixa e oficinas -salvo nos últimos andares, destinados a vivendas-, o que se reflicte nunha distribución por planta moi sinxela. Exteriormente combina a extrema simplicidade da disposición dos ocos, que se repiten coas mesmas proporcións en todos os casos, con elementos decorativos recollidos do Art Déco, algo que poderemos observar nos motivos ornamentais de moitos edificios do movemento racionalista na cidade.

O racionalismo recollía características que se poden observar con facilidade neste edificio como son a composición simétrica e vertical e a estética naval (semicírculo). Por outra banda, resulta moi significativa a conciencia do lugar no que se ubicaba, un espazo de referencia na cidade de Vigo: a Porta do Sol, que facilita a correcta visión do edificio.



## **Francisco Castro Represas | 1935**

O edificio Sanchón supuxo unha revolución estilística ao estar situado no punto da cidade onde se produce a maior concentración de arquitectura historicista. A contundencia dos seus volumes, nos que se enfatiza a horizontalidade e a absoluta falta de ornamento foi unha aposta arriscada.

Se nos fixamos nos edificios que o rodean, chaman a atención os grandes ventanais con novas proporcións rematados con columnas.

Unha xigantesca composición vertical marca a entrada con remate en altura en forma de peineta máis alá da cornixa. O escaso repertorio decorativo reinterpreta a linguaxe románica, de tanta tradición en Galicia: á altura da porta ese elemento correspóndese cun remedo de revisión das xambas dos pórticos estilizadas.

Os balcóns corridos na primeira planta son dunha marcada contemporaneidade, que se enfatiza co uso do ferro que lembra a arquitectura naval.

Os elementos decorativos utilizados na arquitectura racionalista miran ao Art Déco, ben sexa nos muros estriados, no uso dramático dos mármorees ou na complexa trama do enreixado da porta principal. Fronte ao tradicional uso da pedra, a resolución da lixeira escaleira é posible grazas ao emprego do formigón.

**Edificio  
Sanchón**





## Francisco Castro Represas | 1939

O Curbera foi o primeiro rañaceos de Vigo cos seus catorce andares con usos residenciais na parte alta e oficinas nas plantas inferiores. Nace con vocación de crear unha nova categoría urbana na cidade, unha estética de gran urbe. Estruturalmente a pedra xa non ten unha función portante senón que se trata de aplacados.

A estética racionalista, que prima a liña horizontal esta presente en todas as plantas, que contan nos balcóns con remates semicirculares como é propio deste estilo. Un elemento resalta a grande altura do edificio: o eixo central realizado en granito negro, que remata nunha composición xeométrica que sobrepasa a cornixa de gusto déco. O art déco aparece nos poucos elementos decorativos, no dramatismo dos contrastes da pedra negra e os dourados na escaleira de acceso,...

O Curbera é unha das poucas obras da cidade que figura no internacional DO.CO.MO.MO. (Documentación y Comercial de Monumentos Modernos) como edificio pertencente á corrente racionalista.



**Edificio  
Curbera**

## **Jenaro de la Fuente Álvarez | 1940**

A actual Escola Universitaria de Ciencias Empresariais é un dos mellores exemplos de arquitectura racionalista en Vigo aínda que cronoloxicamente sexa unha obra tardía. A clave pode estar na liberdade creativa que da a obra pública fronte á promoción privada.

O edificio xurde da combinación harmónica de tres volumes ben diferenciados nos que se xoga coa diferenza de alturas, a tipoloxía das ventás e as liñas rectas e curvas. O volume principal, un prisma rectangular correspóndese coas aulas. O elemento de maior altura é o corpo de escaleiras, no que un enorme ventanal con liñas horizontais actúa como elemento singularizador. Por último aparece adiantado outro corpo de dúas plantas e remate semicircular no que se atopan a biblioteca e despachos.

Dende o punto de vista da análise formal podemos atopar algúns dos principais elementos que identifican a arquitectura racionalista: economía de elementos decorativos, potenciación da liña horizontal marcada pola orde das ventás, uso de ocós nos ángulos, ollos de boi,... O engadido en 1947 dunha nova planta desvirtúa a idea orixinal do edificio.

**Escola de  
Comercio**



## Francisco Castro Represas | 1944

O Real Club Náutico de Vigo é un proxecto do arquitecto Francisco Castro e o enxeñeiro Carlos Abanitarte. Está claramente inspirado no Clube Náutico de San Sebastián de Aizpurúa e Labayen, obra que marcou a arquitectura náutica no ano 1929.

O edificio, naceu para ser un referente da fronte marítima da cidade. A fachada que mira a cidade conserva na súa sinxeleza rasgos clasicistas como o uso de columnas pero tamén outros propios do racionalismo como os grandes ventanais horizontais. Na fachada posterior, a máis novidosa, é onde aparecen os corpos semicirculares con ventás corridas que avanzan cara ao mar nos que se superpoñen terrazas con grandes parasoles e barandas metálicas.

As referencias ás construcións navais, tan propias da arquitectura racionalista teñen a súa razón de ser neste edificio que semella unha nave recién atracada no porto (de feito as columnas posteriores estaban ancoradas no mar antes do recheo).



## ARQUITECTURA INDUSTRIAL


A cidade de Vigo nos anos 20 estaba a tomar unhas dimensións de gran urbe que facían necesarias infraestructuras industriais de gran tamaño.

### **Otto Werner, Jorge Buchi, Manuel Gómez Román | 1923-1930**

Esta gran construción industrial que define un dos perfís máis característicos de Vigo. Esta factoría encargábase do suministro de fariña e pan a toda a cidade e comarca. Está construída con formigón armado, polo que é un dos primeiros exemplos deste sistema construtivo na cidade. Destacan os grandes silos para o gran e a pasarela en altura entre dous elementos. Como corresponde ás construcións industriais, prescínlese de todo elemento decorativo en favor da funcionalidade.



**Panificadora**





## **FICHA 1.**

O crecemento experimentado pola vila dende finais do XVIII creou a necesidade dun proxecto de planificación, a Nova Poboación, para substituír unha vella cidade amurallada, insuficiente e inadecuada ás novas demandas de chan. A ampliación da cidade non vai ser anárquica, xa que dende os organismos oficiais tratarase dende datas moi temperás de planificar ese crecemento urbano a través de leis de ensanche, leis de saneamento e abastecemento de auga, ordenanzas municipais e dunha serie de proxectos de ensanche.

Cres que nestes anos, ao crecer a cidade cara ao mar, se tiñan en conta criterios mediambientais?

O gañar solo ao mar supón ocupar e rechear praias, deteriorando o sistema natural existente.

Hoxe en día seguirías gañando terreo ao mar se de ti dependese?

No proxecto de Nova Poboación fórmulase o crecemento da cidade cara ao leste do recinto amurallado, na zona da praia do Areal, en parte sobre terreos gañados ao mar. Trátase dunha proposta de nova cidade a construír, non únicamente como unha mera ampliación da existente. O concepto de urbanismo que desenvolve parte da importancia do porto.

Se coñeces a zona deste ensanche...é plana ou en pendente?

É posible trazar rúas con moita pendente ou cres máis fácil vivir en zonas planas? Analiza as vantaxes e inconvenientes (por exemplo: a accesibilidade, as vistas...).



**construíndo unha cidade**  
Vigo entre dous séculos  
FICHAS DIDÁCTICAS

Ademáis da riqueza da decoración en pedra, son característicos deste momento os balcóns e galerías de fundición de ferro. Fronte a cidades como A Coruña, na que son propias as galerías acristaladas corridas nas fachadas, en Vigo non se utiliza esta solución. Só podemos ver en galerías interiores que dan a patios de mazá coma o de Príncipe-Policarpo Sanz.

Por que en A Coruña empregaban galerías -superficies acristaladas pechadas- e en Vigo balcóns? A pista pode dala o clima... Razona a resposta.

Dos edificios descritos, investiga cales teñen cambiado de uso.

Cres que é fácil adaptar un edificio desta época a un novo uso?

Parécense as novas funcións dos edificios ás antigas?

Razona se é máis ventaxoso adaptalo ao novo uso ou derrubalo para construír un novo.

Saberías dar características polas fotografías dos edificios descritos inicialmente (Modernismo, Eclecticismo, Rexionalismo) que os diferencien dos pertencentes ao Racionalismo?

Escolle, por exemplo, o edificio Simeón (Modernista) e a Escola de Comercio. Cal é máis vertical? Que materiais se empregan? As ventás... son máis grandes, en cal deles? Son simétricos na súa fachada? Cal deles ten máis detalles que chamen a túa atención?



## FICHA 2. EDIFICIO SIMEÓN

Benito e Manuel Gómez Román | 1907-1911



Este edificio responde ás necesidades de expansión da empresa compostelá "Viúva e fillos de Simeón García", que buscaba un local fixo na cidade de Vigo. Na fachada principal, que da á Porta do Sol, e que estruturalmente pode encadrarse no eclecticismo afrancesado tan en boga a principios do século XX, atópanse os elementos decorativos modernistas que fan deste edificio o mellor representante dos ecos deste estilo en Galicia. Os soportais do fronte daban acceso ao local comercial, mentres que os accesos laterais daban servizo ás vivendas.

**Edificio  
Simeón**

## construíndo unha cidade

Vigo entre dous séculos

FICHAS DIDÁCTICAS

Polas características do solar, moi estreito e con moito fondo, a fachada que da a Porta do Sol chama a atención pola súa verticalidade, polo que aparenta máis altura da real. A fachada lateral adquirirá un novo carácter coa construción da nova praza pública na rúa Doutor Cadaval.

Se ben o deseño inicial é do arquitecto Benito Gómez Román, tralo seu falecemento en 1908 será o seu irmán Manuel quen desenvolva e finalice o proxecto.

A actuación de Manuel Gómez Román tradúcese na presenza dunha decoración abertamente modernista nas súas fachadas, aínda que conservando o espírito ecléctico do proxecto inicial. É a fusión destes dous estilos a que dota ao edificio dunha personalidade singular, destacando a presenza de figuras antropomórficas e zoomórficas realizadas en granito, sobre todo nos balcóns tallados en pedra e nas claves dos vans.

O ferro das balconadas e as carpinterías adscribíense tamén aos aspectos estilísticos do Art Nouveau.

Situación do edificio

Análise da relación co contorno

Propósito desexado desa relación

Análise da morfoloxía do edificio

Usos do edificio

Análise de forma e función

Material constructivo

Tipo de vans

Elementos decorativos

Que arquitectura se facía en Europa nos anos nos que se construíu o edificio?

E en USA?

### FICHA 3. HOTEL MODERNO

Michel Pacewicz | 1897

Situado na esquina entre as rúas Policarpo Sanz e Carral, esta obra coroada por unha gran cúpula representa o culmen do eclecticismo en Vigo. Enmárcase na corrente de influencia francesa deste estilo arquitectónico. Este gran edificio aproveita a ornamentación para marcar a diferenza entre as plantas: os vans de remate redondeado, cambian a súa decoración en cada unha das plantas, onde se combinan balcóns tallados en pedra con outros de forxa.



**Hotel  
Moderno**

**construíndo unha cidade**  
Vigo entre dous séculos  
FICHAS DIDÁCTICAS

Aínda que naceu como edificio de vivendas en aluguer, transfórmase en hotel en 1906, o que non modifica a súa configuración exterior.

No caso deste edificio temos un exemplo de como a carga decorativa, cercana ao estilo barroco, reflicte a posición económica e social do seu promotor, o empresario Manuel Bárcena, conde de Torrecedeira.

Situación do edificio

Análise da relación co contorno

Propósito desexado desa relación

Análise da morfoloxía do edificio

Usos do edificio

Análise de forma e función

Material constructivo

Tipo de vans

Elementos decorativos

Que arquitectura se facía en Europa nos anos nos que se construíu o edificio?

E en USA?

## FICHA 4. EDIFICIO GALOYA

Romualdo Madariaga Céspedes | 1934

Este singular edificio exento foi concebido para acoller un banco na planta baixa e oficinas -salvo nos últimos andares, destinados a vivendas-, o que se reflicte nunha distribución por planta moi sinxela. Exteriormente combina a extrema simplicidade da disposición dos ocos, que se repiten coas mesmas proporcións en todos os casos, con elementos decorativos recollidos do Art Déco, algo que poderemos observar nos motivos ornamentais de moitos edificios do movemento racionalista na cidade.



**Edificio  
Galoya**

## construíndo unha cidade

Vigo entre dous séculos

FICHAS DIDÁCTICAS

O racionalismo recollía características que se poden observar con facilidade neste edificio como son a composición simétrica e vertical e a estética naval (semicírculo).

Por outra banda, resulta moi significativa a conciencia do lugar no que se ubicaba, un espacio de referencia na cidade de Vigo: a Porta do Sol, que facilita a correcta visión do edificio.

Situación do edificio

Análise da relación co contorno

Propósito desexado desa relación

Análise da morfoloxía do edificio

Usos do edificio

Análise de forma e función

Material constructivo

Tipo de vans

Elementos decorativos

Que arquitectura se facía en Europa nos anos nos que se construíu o edificio?

E en USA?